

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A ACADEMIA XACOBEOA PARA ACTUACIÓNS EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

REUNIDOS

Don José López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, publicado no DOG núm. 73, do 14 de abril, e polo disposto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, publicado no DOG núm. 81, do 24 de abril.

Don Marcelino Agís Villaverde, con -----, presidente da Academia Xacobeo, con CIF Q1500423G, que actúa en nome e representación desta entidade a teor das facultades que lle outorgan os seus estatutos aprobados polo Consello da Xunta de Galicia en data 23 de novembro de 2017, publicados no DOG núm. 253 de 11 de decembro de 2017 e o seu nomeamento como presidente por acordo da Xunta Plenaria da Academia Xacobeo do 21 de xaneiro de 2025.

EXPOÑEN

1. Que ambas entidades consideran como referente normativo básico da súa actuación a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, onde se recoñece que o galego é a lingua propia de Galicia e que os poderes públicos garantirán o seu uso normal como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega, así como o Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004 coa finalidade de estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade e tamén, favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos.

2. Que no ámbito da Administración autonómica galega correspóndenlle á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, as competencias de promoción e ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia. Para este efecto e, para poder actuar en todos os ámbitos sociais ten que colaborar, na medida do posible, coas institucións e entidades que desenvolven a súa actividade en Galicia.

3. Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 23 de novembro de 2017, aprobou o acordo de creación da Academia Xacobeá, acordo que foi publicado no DOG núm. 233, do 11 de decembro de 2017 por resolución do 1 de decembro de 2017. O mencionado acordo establece que a Academia Xacobeá se rexerá polos estatutos que

figuran como anexo á citada resolución e, que queda adscrita á Consellería con competencias en materia de cultura.

4. Que a Academia Xacobeá é unha entidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins de interese xeral e público, inscrita no Rexistro Xeral de Academias de Galicia co núm. 10/2017, que participa activamente na difusión da cultura galega, promovendo iniciativas para que a realidade de Galicia sexa cada día máis coñecida na propia Galicia, en España e no resto do mundo. Entre os seus fins figuran os de promoción e desenvolvemento da investigación, estudo e divulgación do Camiño de Santiago e o fenómeno xacobeo en todas as súas vertentes, así como a promoción e difusión dos valores universais que lle son propios.

5. Que as partes asinantes manifestan a súa vontade de colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade.

6. Que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Academia Xacobeá son conscientes da importancia do cumprimento do establecido sobre normalización lingüística e da responsabilidade que nesta materia teñen todas as entidades e institucións galegas na consecución dun interese e un obxectivo común que é o de promover e fomentar o uso da lingua galega. Nesta liña, as dúas partes manifestan a súa

vontade de asinar un convenio de colaboración durante o ano 2025 de acordo coas seguintes,

ESTIPULACIÓNS

Primeira. Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua e a Academia Xacobeá para prestixiar e promover a estima do galego como feito diferencial da nosa terra promovendo iniciativas para que a realidade de Galicia sexa cada día máis coñecida na propia Galicia, en España e no resto do mundo.

Segunda. Obrigas da Academia Xacobeá

Mediante a sinatura deste convenio a Academia Xacobeá, comprométese a realizar no **2025** a seguinte actuación:

A organización das XX Xornadas Mar por Medio, en Ribadeo os días 19, 20 e 21 de setembro de 2025. Serán unhas xornadas nas que se levarán a cabo conferencias, obradoiros e actuacións musicais. Entre as conferencias destacan a mesa inaugural "Facendo Camiño", a mesa redonda "Galicia e Asturias unidas no Camiño" a conferencia "De que falamos cando falamos de mar por medio?", a mesa redonda "A peregrinación: encontros de culturas. Os xubileos de Santiago, Roma e Xerusalén", ou o "O Camiño de Santiago como modelo de

turismo rexenerativo". Nas ditas xornadas analizaranse diversos aspectos do Camiño de Santiago e do fenómeno xacobeo coa participación de catedráticos de diferentes universidades, académicos e persoas expertas en cada un dos temas que se van a tratar para dar a coñecer doutro xeito o que ten que amosar o Camiño de Santiago e a súa vinculación coa lingua galega.

A Academia Xacobeá encargárase de organizar, xestionar e executar todas as actividades incluídas neste convenio, así como facilitar o persoal, infraestruturas e os medios de que dispón para a súa execución.

Terceira. Asesoramento lingüístico

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua comprométese a facilitarlle, cando sexa preciso, á Academia Xacobeá o apoio e asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

Cuarta. Modificación do convenio / redistribución de cantidades entre diferentes actividades

Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das accións contempladas no obxecto do convenio, esta modificación ou cambio instrumentarase mediante a correspondente addenda, agás naqueles casos nos que a modificación implique só unha redistribución das

cantidades previstas estimativamente, de ser o caso, para cada unha delas segundo a desagregación prevista na memoria xustificativa e económica do convenio que figura no expediente de gasto sen que exista modificación orzamentaria respecto do importe total do convenio nin que implique, de ser o caso, unha redistribución orzamentaria entre diferentes capítulos de gasto.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Quinta. Financiamento

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua, contribuirá ao financiamento deste convenio cunha cantidade total de 11.260,08 euros, con cargo á aplicación 13.02.151A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

No anexo I, desagreganse as liñas de gasto correspondentes á actividade obxecto do convenio XX Xornadas Mar por Medio, en Ribadeo os días 19, 20 e 21 de setembro de 2025.

Sexta. Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase telematicamente accedendo ao expediente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>. Código de procedemento PR004A.

A Academia Xacobeá poderá percibir a achega da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude que se establece na estipulación anterior do seguinte xeito:

Mediante pagamentos parciais, na medida en que a entidade beneficiaria xustifique os gastos a conta da liquidación definitiva, ata o oitenta por cento do financiamento da achega. O importe do vinte por cento restante aboaráse unha vez rematadas as actividades previstas no convenio, en todo caso, o 15 de decembro de 2025 como data límite para presentar a súa xustificación.

Para percibir os mencionados pagamentos, a Academia Xacobeá queda exonerada de constituír garantía, de conformidade co artigo 65.4 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Para facer efectivos cada un dos pagamentos parciais, a Academia Xacobeá presentará telematicamente a seguinte documentación:

- Certificación do desenvolvemento das actividades do convenio, xunto coa que se achegará xustificación dos gastos que orixine a súa execución. Esta realizarase mediante facturas. Tamén deberá acreditar e xustificar o pagamento do gasto realizado

- Ficha resumo de execución do convenio (anexo II que se acompaña co texto deste documento), cuberta pola entidade e na que se indicará, de ser o caso, o número de proxectos, accións ou actividades que se realicen ao abeiro deste, as localidades de execución ou realización, así como a porcentaxe de gasto en proxectos, accións ou actividades dirixidas ás franxas de idade infantís ou xuvenís. Tamén indicarán, se procede, o número aproximado de persoas destinatarias ou beneficiarias das accións coa súa correspondente desagregación porcentual por sexos

Ademais disto, antes de facer efectivo o 20% do pagamento final, a Academia Xacobeá presentará:

- Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude diminuírase proporcionalmente.

Esta axuda é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Non obstante, o seu importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade apoiada, de acordo co establecido no artigo 40.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións

ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación deste convenio.

Antes de proceder á sinatura deste convenio e para cada un dos pagamentos, a Academia Xacobeá presentarlle a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude unha declaración responsable asinada polo órgano competente de non ter contraídas débedas, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega, así como de estar ao día das obrigas tributarias e ao corrente das obrigas sociais, de acordo co artigo 11 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei. Esta declaración poderá substituírse por:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

Non obstante, a sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a

Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.

Ademais disto, antes de proceder á sinatura deste convenio e para o pagamento final, a Academia Xacobeá presentara unha declaración complementaria do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo fin, das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. En caso de non ter ningunha axuda, deberase presentar unha declaración de que só se percibe este importe para esta finalidade.

Así mesmo, deberá achegar unha declaración de que a entidade non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño de 2007).

No caso de incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33 desta lei, a Academia Xacobeá comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houberse, xunto cos xuros de mora segundo o procedemento establecido no artigo 37 da mesma norma legal e no artigo 77 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do xoves 29 de xaneiro de 2009).

A Academia Xacobeá utilizará o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

A Academia Xacobeá facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sétima. Imposibilidade de promover a concorrencia pública

As actividades que promove a Academia Xacobeá teñen por finalidade promover a lingua e a cultura galegas, así como a difusión e proxección da lingua e da cultura propias de Galicia, utilizando a lingua galega nas súas manifestacións públicas, comunicados e difusión, promovendo simposios, foros, xornadas, seminarios publicacións, premios, bolsas e distincións. Pola singularidade do seu obxecto, que persegue unicamente obxectivos de utilidade xeral e polas características das actividades a desenvolver no marco do convenio soamente poderán levarse a cabo pola Academia Xacobeá, que ademais, dispón de medios humanos e técnicos a través do persoal da propia entidade para realizar as actividades previstas no convenio, polo que queda xustificada a imposibilidade de promover a concorrencia pública.

Oitava. Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse levar a cabo de acordo co contemplado nas vixentes Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG núm. 84,

do 14 de xullo de 1983). Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Novena. Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno

De conformidade co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro de 2003), esta axuda será publicada na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa (BOE núm. 226, do 17 de setembro de 2014).

Así mesmo, a entidade asinante deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da entidade á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro de 2016), co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE núm. 295, do 10 de decembro de 2013) e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura deste convenio as partes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen no mesmo e máis o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, outorgase consentimento para que se publiquen as axudas concedidas, nos rexistros públicos referidos con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade.

Décima. Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, calquera das dúas partes comprométense a facer mención da outra parte e do presente convenio.

Décimo primeira. Vixencia

Este convenio estará vixente dende a data da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2025. Non obstante, este convenio poderá extinguirse por acordo mutuo e voluntario das partes, por desistencia dalgunha ou por denuncia do mesmo por incumprimento dos

compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, previa audiencia da outra parte e con polo menos, un mes de antelación.

Abranguerá as accións obxecto do convenio que realice a entidade dende o 1 de xaneiro de 2025.

Décimo segunda. Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento composta por dous representantes da Secretaría Xeral da Lingua nomeados polo seu titular e dous representantes da Academia Xacobeá, que coordinará o seu desenvolvemento. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes da Secretaría Xeral da Lingua, estará facultada para resolver cantas dúbidas poidan xurdir na súa execución, para o que poderá estar asistida polos técnicos necesarios.

Décimo terceira. Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- . Por incumprimento total ou parcial dalgún dos seus puntos.
- . Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actuacións acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pode, se é o caso, esixir a devolución da cantidade achegada.

Décimo cuarta. Responsabilidades das actuacións

O asinamento do presente convenio non implica relación contractual de ningún tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir responsabilidade ningunha –nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria– polos actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo quinta. Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua avaliará a realización das actividades contempladas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo sexta. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico

asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sétima. Protección de datos de carácter persoal e dereitos dixitais

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo oitava. Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de

Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan á súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Vixésima. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

O réxime xurídico aplicable a este convenio será o das seguintes normas: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei e, Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Así mesmo, este convenio tamén estará suxeito aos artigos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento da dita lei.



A xurisdición contencioso administrativa será a competente para dirimir as cuestións que poidan xurdir da aplicación do presente convenio.

En proba de conformidade, as partes asinan electronicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

José Carlos López Campos

Xesús Palmou Lorenzo

ANEXO I

ORZAMENTO DESAGREGADO DAS ACTIVIDADES DO CONVENIO POR ACCIÓNS E LIÑAS DE GASTO CADRO DO IMPORTE TOTAL DO PROXECTO

Liña de gasto " XX Xornadas Mar por Medio "	Importe
1.ª Aloxamento conferenciantes no Parador de Ribadeo - Día 19/9/25: 5 habitacións - Día 20/9/25: 9 habitacións Total= 14 habitacións (prezo habitación con almorzo: 187,30 €)	2.622,20 €
2.ª Publicidade <i>La Voz, El Progreso, Aquí Diario</i> 100 carpetas 100 bolsas tea algodón 100 carpetas con solapa <i>roll up</i> 85x200 100 <i>layards</i> 100 A3 color Total= 1.428,00 € +299,88 €	1.727,88 €
3.ª Comidas e ceas conferenciantes - Días 19, 20 e 21: 32 comidas a 55,00 € =1.760,00 € - Días 19 e 20: 20 ceas a 50,00 € = 1.000,00 €	2.760,00 €
4.ª Intervencións musicais - Intervención musical 19/9/25= 1.250,00 € - Intervención musical 20/9/25= 1.200,00 €	2.450,00 €
5.ª Gasto desprazamento conferenciantes	1.700,00 €
TOTAL	11.260,08 €

ANEXO II

(Para cubrir pola entidade)

FICHA RESUMO DA EXECUCIÓN DO CONVENIO

Convenio/Título:

Entidade:

N.º proxectos, accións e actividades	Localidades	N.º de persoas destinatarias, beneficiarias	Homes (%)	Mulleres (%)
TOTAL				